

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DE 23 DE XULLO DE 2019**

**Lugar:** Sala do Consello de Goberno, Reitoría da Universidade.

Ás 09:40 horas, en segunda convocatoria e comprobada polo secretario a existencia de quórum suficiente, iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día que figura como **anexo I**.

Escusan a súa asistencia Susana Ladra González, Natalia Álvarez Lata, Gabriela Alexandra Oanta Oanta, Carmela Carrillo García, Luz González Doniz, José Luís Calvo Rolle, Ignacio Colominas Ezponda, Salvador Naya, Domingo Calvo Dopico e Juan Bautista Pérez Valcárcel. A relación de asistentes figura como **anexo II**.

**1. Informe do reitor**

Comeza indicando que desde o anterior consello de goberno a CRUE desenvolveu diferentes actividades, á espera da constitución dun novo goberno. Na última asemblea xeral tratáronse apenas asuntos de trámite, a excepción da aplicación do control horario ás Universidades, acordándose a creación dunha comisión con representación das sectoriais de I+D, secretarías xerais, xerentes e profesorado. Esta comisión reuniuse xa en Madrid e está a elaborar criterios de aplicación desta normativa nos diferentes sectores da universidade.

Informou tamén que hai o día 8 de xullo celebrouse na Universidade do Porto unha reunión con universidades de México, Colombia, Centroamérica e o Caribe, preparatoria da que se celebrará en Santiago próximo mês de marzo. A CRUE organizou tamén en Benicásim unhas xornadas sobre o espazo ibero-americano de educación superior na que participou o reitor.

O Consello de Goberno comezou o proceso de desadscripción do CENP mais, ao ter xa finalizado o primeiro prazo de matrícula e tendo chegado aínda na semana pasada a contestación – non definitiva – da Xunta, o grao de turismo seguirase a impartir no curso 2019-2020 na Escola Universitaria de Turismo-CENP.

A seguir, explicaron os seus informes os demais membros do Consello de dirección:

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** dou conta dos seguintes asuntos:

- **Contratos PostDoc A:** A Universidade da Coruña, logo da solicitude dos seus contratados postdoc tipo A da Xunta, promoveu a solicitude de formalización dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as Universidades de Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo para apoio á formación postdoutoral. No caso desta universidade fíxose os contratos con estes investigadores para que teñan que irse o paro con data 1 de Xullo. Dende esta

Código Seguro De Verificación	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado Asinado	06/11/2019 11:57:14 05/11/2019 14:33:22
Observacións		Páxina	1/12
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>		



vicereitoría quería agradecer a axuda prestada pola xerencia para axilizar estes contratos. Con esta iniciativa estes investigadores poderán dar continuidade á carreira investigadora dos beneficiarios da Axuda postdoutoral modalidade A da convocatoria 2016 ata que se coñeza o resultado da súa avaliación nun primeiro momento e despois se lles de continuidade aos avaliados positivamente ata que se resolva a convocatoria das Axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, na súa modalidade B da convocatoria do 2019.

Antecedentes: con data 13 de xuño de 2019 se publica no DOG a convocatoria dun programa de “Axudas de apoio á etapa de formación postdoutoral”, no que a modalidade B indica que ten como obxectivo posibilitar a continuación da formación dos doutores que obtiveron unha axuda para a súa formación inicial na convocatoria do ano 2016 e que acadaron unha avaliación positiva desta primeira etapa.

- **Plan estratéxico de Galicia 2021-2030.** O pasado 17 de Xullo tivo lugar na EGAM (Escola Galega de Administración Pública) unha xornada de presentación do plan estratéxico de Galicia, polo director xeral de Facenda, Miguel Corgos. Nesta xornada definíronse os 4 eixes estratéxicos: Reto demográfico, Medio Ambiente e Cambio Climático, Competencia e Innovación e Cohesión Social e Territorial. Como representante da UDC está como representante o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, ademais de varios decanos elixidos dende a propia Xunta. Calquera suxestión pode envalas a este vicerreitor.


- **Proposta de nova cátedra institucional (WIB):** Promovido polo decanato da Facultade de informática, o pasado 4 de Xullo recibimos a representantes da empresa Informática ALDABA coa proposta dunha cátedra Universidade-Empresa, baixo o nome de WIB (Women ITC and Business) buscará a maior incorporación da muller a informática. Acordouse asinala no vindeiro mes de setembro.

- **Reunión con investigadores do CIT de Ferrol:** O pasado 17 de Xullo as 16:30 tivo lugar unha reunión con investigadores do campus de Ferrol, coa asistencia deste vicerreitor, o director do campus Industrial de Ferrol e a directora do CIT para tratar sobre a estratexia a seguir coa agrupación estratéxica. Entre os acordos propúxose fomentar a interacción entre os grupos de Ferrol e preparar a futura avaliación do campus e a presentación a vindeiras convocatorias da Xunta, tanto de Centros como de agrupacións estratéxicas.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, informou dos asuntos seguintes:

- 06/07/2019. Publicouse na Sede Electrónica a relación de admitidos/as e orden de prelación provisional correspondente a la convocatoria para a selección de áreas de coñecemento para a promoción mediante concurso do profesorado acreditado a Titular de Universidade en profesores/as Contratados/as Doutores/as en el curso

Código Seguro De Verificación	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 11:57:14
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	05/11/2019 14:33:22
Observacións		Páxina	2/12
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>		



académico 2018/19. Resolución do 10/06/2019 (Sede Electrónica 12/06/2019). O prazo de reclamacións rematou o 19/07/2019

- 23/07/2019. Publicouse a relación definitiva anterior. As prazas de Contratado/a Doutor/a deberán convocarse nas área de:

- a. Matemática Aplicada
- b. Ciencias e Técnicas da Navegación
- c. Filoloxías Galega e Portuguesa

- 12/07/2019. Publicouse na Sede Electrónica a relación provisional de áreas de coñecemento da Convocatoria para a selección de áreas de coñecemento de cara a convocatoria de prazas de axudantes doutores/as no curso académico 2019/2020 co fin de consolidar o emprego temporal, realizada por Resolución do 10/06/2019 (Sede Electrónica 12/06/2019). O prazo de reclamacións rematou o 19/07/2019.

- 23/07/2019. Publicouse a relación definitiva anterior. As prazas de Axudante Doutor/a deberán convocarse nas área de:

- d. Biblioteconomía e Documentación (2)
- e. Bioquímica e Bioloxía Molecular (1)
- f. Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial (2)
- g. Comercialización e Investigación de Mercados (1)
- h. Composición Arquitectónica (2)
- i. Comunicación Audiovisual e Publicidade (1)
- j. Construcións Arquitectónicas (2)
- k. Didáctica da Lingua e da Literatura (2)
- l. Economía Financeira e Contabilidade (1)
- m. Estatística e Investigación Operativa (1)
- n. Fundamentos de Análise Económica (1)
- o. Linguaxes e Sistemas Informáticos (1)
- p. Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación (1)
- q. Organización de Empresas (1)
- r. Socioloxía (1)

- 17/07/2019. Acordouse aceptar a renuncia á licenza de ano sabático autorizada para o curso académico 2019/2020 de don Jesús López Rodríguez do Departamento de Economía.

- 19/07/2019. A COAP autorizou as seguinte venías docentes ao contar co informe favorable dos departamentos da UDC:


<b>PERSOA PROPOSTA</b>	<b>CENTRO</b>	<b>CURSO ACADÉMICO</b>	<b>MATERIA</b>	<b>DEPARTAMENTO QUE EMITE O</b>
Blanco Presas, Manuela	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01003 Psicoloxía	Ciencias da Saúde

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 11:57:14
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	05/11/2019 14:33:22
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/12
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>		



<b>PERSOA PROPOSTA</b>	<b>CENTRO</b>	<b>CURSO ACADÉMICO</b>	<b>MATERIA</b>	<b>DEPARTAMENTO QUE EMITE O</b>
Carrajo García, Lino	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01004 Sistemas da información e	Ciencias da Saúde
Castro Lareo, Isabel	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01013 Situacións de Risco para a	Ciencias da Saúde
Cereijo Varela, Carmen	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01026 Estadías	Ciencias da Saúde
Conceiro Rúa, Amalia	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01107 Fundamentos	Ciencias da Saúde
Fojón Polanco, Salvador	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01002 Bioloxía	Ciencias da Saúde
García Trigo, Beatriz	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01013 Situacións de	Ciencias da Saúde
Gómez Tellado, Manuel Adolfo	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01105 Fisioloxía	Ciencias da Saúde
Grandio Ferreiro, María Carmen	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01032 Practicum	Ciencias da Saúde
Méndez Gallart, Roberto	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01001 Anatomía	Ciencias da Saúde
Raña Rama, Camilo Daniel	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01004 Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde 661G01008	Ciencias da Saúde
Rossi López, Miriam	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01025 Estadías Clínicas I	Ciencias da Saúde
Souto Fernández, Estela	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01032 Practicum	Ciencias da Saúde
García Moreno, Antonio	EU de Enfermaría	2019/2020	661G01001 Anatomía	Ciencias da Saúde
Cobián Casal, Mercedes	EU de Relacións Laborais	2019/2020	660G01018 Estatística Descritiva	Economía

- 23/07/2019. Autorízase a convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de Interino de Substitución P06 na área de coñecemento de Didáctica e Organización

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 11:57:14	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	05/11/2019 14:33:22	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	4/12	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>			

Escolar do Departamento de Pedagogía e Didáctica co obxecto de cubrir a baixa de IT por xestación de alto risco dunha profesora da área (baixa 18/07/2019) máis a ausencia por maternidade posterior. Esta praza será contratada a partir do inicio do curso académico 2019/2020:

NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
1	Contratado/a interino/a de substitución	Parcial P06	Didáctica e Organización Escolar	Pedagogía e Didáctica	Facultade de Ciencias da Educación	652G03020 Dinámicas de Comunicación e Colaboración na Acción Socioeducativa 437001 Didáctica. Currículo e Organización Escolar	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/	Baixa IT por xestación de alto risco máis ausencia por maternidade posterior


A seguir, informou a vicerreitora de Organización Académica e Innovación Docente:

- Que o día 30 de este mes teremos un reunión na Secretaría Xeral de Universidades onde se pechará o acordo de titulacións do SUG até o 2021.

- Que na de celebración do Consello pecharon a matrícula na UDC 19 graos. No campus da Coruña: Administración e Dirección de Empresas; Ciencias da Actividade Física e do Deporte; Comunicación Audiovisual; Dereito; Economía; Educación Infantil; Educación Primaria; Educación Social; Enxeñaría Informática; Logopedia; Simultaneidade ADE-Dereito; Simultaneidade Empresariais-Turismo; Simultaneidade Bioloxía-Química; Simultaneidade Inglés-Español; Ciencia e Enxeñaría de Datos; Creación Dixital, Animación e Videoxogos. No campus de Ferrol: Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto; Xestión Industrial da Moda e a Simultaneidade Enxeñaría Mecánica-Naval e Oceánica.

- Que nos vindeiros días publicarase a convocatoria da I edición dos Premios a Proxectos de Innovación Docente en Aprendizaxe Servizo da nosa universidade. O principal obxecto deste concurso é recoñecer a calidade de iniciativas de innovación docente que empreguen a metodoloxía de Aprendizaxe e Servizo dentro do marco curricular da UDC. Haberá 3 premios: 1º premio (1500 €), 2º premio (900 €) e 3º premio (600 €). O prazo remata o 27 de setembro.

- Que as IV Xornadas de Innovación Docente da UDC celebraranse os días 21 e 22 de novembro na Facultade de Ciencias da Educación. O prazo para o envío de resumos remata o 30 de setembro. Este ano queremos pór o foco no traballo que se está a desenvolver no seo dos GID, cuxo labor está a contribuír de maneira significativa a mellorar a calidade do ensino e á renovación do modelo educativo no marco das titulacións oficiais de grao e de máster. Por este motivo, as liñas temáticas seleccionadas para esta edición coinciden coas 8 liñas prioritarias de actuación definidas para os GID.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 11:57:14	
<b>Observacións</b>	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	05/11/2019 14:33:22	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>		<b>Páxina</b>	

- Canto á matrícula da Universidade Sénior, na sede de A Coruña preinscribíronse 190 persoas para 120 prazas. Quedaron, pois, 70 persoas na listaxe de agarda. Para solucionar este excedente elaboráronse 4 seminarios que se desenvolverán ao longo do curso, de outubro a maio. Na sede de Ferrol, para 70 prazas preinscribíronse 86 persoas, e matriculáronse 80.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, dou conta de:

- A publicación da primeira Convocatoria de orzamentos participativos da Área de Cultura da Universidade da Coruña para fomentar as propostas culturais da comunidade universitaria. Tamén participou a publicación da listaxe provisional da Convocatoria da UDC para bolsas de formación complementaria nos departamentos universitarios dos centros propios, curso 2019/2020 e da publicación da listaxe provisional da Convocatoria de bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da UDC, curso 2019/2020

- Do desenvolvemento dunhas xornadas de formación para xestores de revistas (formación en Open Journal Systems 3 para xestión de revistas electrónicas), impartidas por Xercode Media Software e o propio Servizo de Publicacións. Asistiron unhas 36 persoas entre xestores de revistas electrónicas, o persoal do SPU, persoal do RUC da UDC e persoal informático da Área de Investigación e Biblioteca. Ademais, habilitase o servizo de corrección de metadatos en inglés das revistas electrónicas. Cabe destacar que actualmente, temos 19 revistas da UDC e 16 reciben DOI.

- Finalmente, dou conta de que o proxecto “Xeometría aplicada” da Universidade da Coruña foi seleccionado para participar na terceira edición da exposición “Campus Vivo. Investigar na Universidade”, organizada e producida polo Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (MUNCYT) e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT).

Pola súa parte, a **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informou dos seguintes asuntos:

- Que o día 11 de xullo presentouse no Paraninfo da Reitoría a memoria de Responsabilidade Social da UDC, sometida á aprobación deste Consello na sesión do mes de xuño. No acto de presentación interveu a presidenta de Hispasat Elena Pisonero coa conferencia “De empresas responsables a organizacións sustentables”.

- Que o día 17 de xullo recibimos no Campus de Ferrol a Francisco García, membro da Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), para avaliar o traballo que se ven desenvolvendo dende o curso 2016-17 no marco do Programa Green Campus da UDC. A vice-reitora agradeceu a implicación da becaria do Green Campus Ferrol, Belén Feal e dos /as representantes de tódolos Centros do Campus no Comité

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	06/11/2019 11:57:14
<b>Observacións</b>		Asinado	05/11/2019 14:33:22
<b>Url De Verificación</b>	<b>Páxina</b>		6/12
	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>		



Ambiental polo excelente traballo realizado baixo a coordinación da profesora da Facultade de Enfermería e Podoloxía, Carmen Coronado.

- Que o día 24 de xullo o reitor asinará en Ferrol un convenio de colaboración coa asociación de persoas con discapacidade ASCM co obxectivo, entre outros, de desenvolver proxectos de aprendizaxe e servizos.

- Que proximamente publicárase o I concurso ENKI-UDC para o deseño dun obstáculo para a VI carreira ENKI Galicia. Neste concurso poderán participar o alumnado da UDC.

**A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación** dou conta dos seguintes asuntos:


- Que a UDC participou na convocatoria do proxecto do Servicio Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) “Young Generations as Change Agents” no que se concederon 100 becas para que estudantes marroquíes cursen mestrados en universidades españolas. Os mestrados seleccionados polos candidatos foron o de Banca e Finanzas (2 candidatos), Rehabilitación Arquitectónica (1 candidato), Dirección e Administración de Empresas (1 candidato) e o Máster en Aproveitamento e Eficiencia Enerxética (5 candidatos).

- Que a finais de xuño fíxose pública a concesión de axudas Erasmus para o intercambio con países de fora do EEES, a acción KA 107. A UDC recibiu fondos para Albania, Bosnia, México, Armenia, Moldavia, Arxelia e Cambodia, por un total de 184.095 €). Que a UDC, como integrante do Consorcio de Comercio internacional conseguiu, así mesmo, mobilidades para a rexión dos Balcáns: Bosnia-Herzegovina, Albania e Montenegro, por un total de 299.200 €.

- Entre as visitas institucionais, recibimos a representantes da Universidade de Purdue para o establecemento de acordos coa Escola de Camiños. Así mesmo recibimos a visita de dous membros do “Yunnan Business Vocational College” representando a un consorcio de 35 universidades chinesas interesadas en desenvolver proxectos conxuntos nas áreas de economía, enxeñaría, turismo e ciencias da saúde a nivel de grao e mestrado. Así mesmo recibimos ao representante de Internacionalización da Facultade de Linguas Estranxeiras da Universidade De Verona, coa que temos un dobre máster na Facultade de Filoloxía da UDC. O profesor Long Yu, da Universidad Tecnolóxica do Sul de China visitounos o 22 de xullo con obxectivo de establecer programas conxuntos de doutoramento coa participación da Escola Politécnica Superior de Ferrol.

- Que a ORI lanzou unha oferta como centro de prácticas para estudantes internacionais e nestes momentos está a acoller a tres estudantes, o cuarto comezará as prácticas o vindeiro 1 de agosto. Trátase de estudantes nos últimos cursos das súas titulacións o recién egresados que conseguiron unha beca Erasmus prácticas. Os grupos de investigación da universidade ou os distintos servizos poden ofrecerse como

Código Seguro De Verificación	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 11:57:14
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	05/11/2019 14:33:22
Observacións		Páxina	7/12
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>		





centros receptores destes estudantes. A ORI dará soporte as solicitudes que poda haber nesta acción.

- As políticas de internacionalización da UDC, en concreto as convocatorias e actividades formativas relativas a PDI, PAS e estudantes, foron presentadas antes os expertos do XI congreso ACLES de Jaén (4-6 xullo, 2019) sobre mediación, interculturalidade e internacionalización.

- Que se inaugurou o día 22 a edición 2019 da ISS que nesta ocasión conta coa asistencia de 100 estudantes e 22 docentes procedentes de 33 países diferentes e que impartirán cursos de contido diverso como son os materiais complexos, as estradas intelixentes, a lingua inglesa na academia, ou a economía sustentable, entre outros.

- Que se publicou recentemente a convocatoria Erasmus 19/20 para mobilidade de PAS e PDI. Como novidade, no caso das STA e as STT de profesorado, terán prioridade as mobilidades que inclúan actividades de desenvolvemento de competencias pedagóxicas e de deseño curricular.

- Estará aberta até o 5 de setembro a convocatoria desta vicerreitoría de competencias lingüísticas para estudantes e PDI, que financia cursos de idiomas no centro de linguas da UDC.

- A "Asociación Universitaria Iberoamericana de Posgrados" (AUIP) da que a UDC é socia recente, ten aberta a convocatoria "Programa de Becas de Movilidad Académica entre Instituciones Asociadas a la AUIP 2019". En concreto, esta convocatoria está dirixida a profesores e investigadores, e a xestores e estudantes de programas de posgrao e doutoramento.

- A través da OCV estamos a traballar na materialización dun convenio coa Oficina de Jorge Sampaio, Presidente de Portugal, para facilitar o acceso a estudos universitarios de persoas procedentes de zonas en conflito e en situación de solicitude de asilo. Neste mes de xullo, estamos traballando na elaboración, coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, dunha estratexia común do Sistema Universitario Galego en materia de Educación para o Desenvolvemento, ligada aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Finalmente, o **xerente** informou dos asuntos da súa competencia:

- No Diario Oficial de Galicia do día 1 de xullo publicouse a convocatoria de probas selectivas para a provisión de 45 prazas da escala administrativa.

- No Diario Oficial de Galicia do día 10 de xullo publicouse a convocatoria de probas selectivas para a provisión de 24 prazas da escala técnica auxiliar (subescala auxiliar de servizos).

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	06/11/2019 11:57:14
<b>Observacións</b>		Asinado	05/11/2019 14:33:22
<b>Url De Verificación</b>	<b>Páxina</b>		8/12
	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>		





- No Diario Oficial de Galicia do día 11 de xullo publicouse a convocatoria de probas selectivas para a provisión de 4 prazas da escala axudantes de arquivo, bibliotecas e museos.

- No Diario Oficial de Galicia do día 12 de xullo publicouse a convocatoria de probas selectivas para a provisión de 1 praza da escala técnica superior (subescala calidade).

- No Diario Oficial de Galicia do día 17 de xullo publicouse a convocatoria de probas selectivas para a provisión de 1 praza da escala técnica superior (subescala informática).

En total, convocáronse 75 prazas das 99 correspondentes á suma das OEP's dos anos 2016, 2017, 2018, estabilización e 2019. No que se refire ás restantes prazas, está pendente de acordar cada un dos seus temarios coa Xunta de Persoal.

No que se refire á Promoción Interna:

- A correspondente á OEP do ano 2017, 50 prazas ofertadas en total, estase a desenvolver o traballo dos tres tribunais de selección.

- A correspondente á OEP do ano 2018, 47 prazas, o pasado día 12 de xullo acordouse coa Xunta de Persoal as bases da convocatoria, temarios e tamén que se realice a publicación da súa convocatoria no DOG evitando o mes de agosto de tal xeito que sexa a primeiros do mes de setembro.

- A correspondente á OEP do ano 2019, 37 prazas, negociárase coa Xunta de Persoal para convocar antes do remate do ano.

En definitiva, antes de que remate o ano 2019, cumprírase o calendario de convocatorias previsto no acordo de novembro de 2015.


#### ESTADO DAS XESTIÓNS RELATIVAS AO IVE 2012, 2013-2014 E 2018

- Situación do IVE correspondente ao IVE 2012: Recolléronse datos e fundamentacións para a formulación da demanda (o prazo vence o día 25 de xullo) ante a Sala do Contencioso da Audiencia Nacional.

Contía de 581.479,72 €.

- Situación do IVE correspondente ao IVE 2013-2014: Pendente de resolución no Tribunal Económico Administrativa Central. Contía: 506.694,95 € (ano 2013) + 786.951,85 € (ano 2014) = 1.293.646,80 €.

- Situación do IVE correspondente ao IVE 2018: Con data 21 de xuño comunicouse pola Delegación en Galicia da Axencia Tributaria acta e informe de disconformidade. Neste

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 11:57:14	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	05/11/2019 14:33:22	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	9/12	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>			

documento a contía da liquidación proposta é de 128.226,99 €. No prazo de 15 días establecido, formuláronse alegacións xunto coa documentación e xustificacións correspondentes, coa dobre finalidade de: incrementar a contía proposta pola AEAT e fundamentar unha hipotética posterior demanda.


- Deducibilidade IVE servizos comúns: Simultaneamente estanse a recabar documentos e facturas correspondentes aos exercicios 2015, 2016 e 2017 para fundamentar reclamacións da parte proporcional, prorrata, ou deducibilidade total dos servizos comúns (auga, gas, electricidade, seguridade, limpeza, etc) en edificios xerais ou de investigación da universidade.

En concreto, a contía do IVE deducible é, segundo os nosos cálculos,

- polo segundo semestre do ano 2015: 75.351,10 €
- polo ano 2016: 161.002, 63 €
- polo ano 2017: 161.212, 90 €.

## 2. Acordos

1. Informe do Reitor
2. Aprobada por unanimidade a acta da sesión ordinaria do 26 de xuño de 2019 –
3. Aprobados por unanimidade os seguintes convenios (2 marco, 41 específicos e 53 de prácticas) – **anexo III**
4. Proposta de aprobación do Regulamento de réxime interno da Escola Politécnica Superior - **anexo IV** – Aprobado por unanimidade
5. Renovación de título propio de posgrao – **anexo V** – Aprobado por unanimidade
6. Novas propostas e modificacións de títulos universitarios oficiais de grao, mestrado e doutoramento – **anexo VI** - Aprobados por unanimidade agás o de Arquitectura Técnica que o foi por 20 votos a favor, 6 en contra e 6 abstencións.
7. Modificación de programa de simultaneidade de Grao en Enx. Mecánica e Enx. Naval e Oceánica – **anexo VII** – Aprobado por unanimidade
8. Declaración convenio pistas de atletismo **anexo VIII**– Aprobada por unanimidade
9. Presentación da liquidación orzamentaria do exercicio 2018
10. Proposta de modificación do Regulamento de investigadores/as visitantes internacionais UDC **anexo IX** – Aprobada por unanimidade
11. Proposta de modificación da Normativa reguladora docencia en inglés nas titulacións da UDC **anexo X** – Aprobada por unanimidade
12. Proposta de creación de seccións departamentais do Dpto. de Socioloxía e Cc. da Comunicación **anexo XI** – Aprobada por unanimidade
13. Proposta de convocatoria de concurso dos corpos docentes universitarios - Aprobada por unanimidade **anexo XII** - Aprobada por unanimidade
14. Proposta de convocatoria de concurso PDI contratado **anexo XIII** - Aprobada por unanimidade
15. Proposta de autorización de cambios de dedicación PDI **anexo XIV** - Aprobada por unanimidade

Código Seguro De Verificación	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 11:57:14	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	05/11/2019 14:33:22	
Observacións		Páxina	10/12	
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>			


16. Proposta de nomeamento e renovación de profesores/as eméritos/as **anexo XV**- Aprobada por unanimidade
17. Proposta de nomeamento e renovación de profesores/as honorarios/as **anexo XVI** - Aprobada por unanimidade
18. Proposta de autorización de venias docentes **anexo XVII** - Aprobada por unanimidade
19. Proposta de autorización de transferencia de crédito de capítulo II ao capítulo VI - **anexo XVIII**
20. Normativa de Protección de datos **anexo XIX**- Aprobada por unanimidade


Logo de se trataren todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 13:05.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo:

<https://tv.udc.gal/video/5d89e76011cad18e4f8b47cd>

(coa pegada dixital SHA-1: 254FDD9327040BA9590F97C7A4BEFD1EF631FC).

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 11:57:14	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	05/11/2019 14:33:22	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	11/12	
<b>Url De Verificación</b>	https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==			

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 11:57:14	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	05/11/2019 14:33:22	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	12/12	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==">https://sede.udc.gal/services/validation/+Sd9wxTsCcoRyx7KDAo3Jw==</a>			